


ELI RÍOS

Remexido de patacas

Guía de lectura



B

BAÍA EDICIÓN

Esta guía de lectura de *Remexido de patacas* de Eli Ríos, novela publicada por Baía Edicións en 2019, está concibida para o seu aproveitamento nos cursos de 3.º e 4.º da ESO e en calquera dos dous cursos de Bacharelato. Supón unha proposta de lectura crítica que move consciencias contra os diferentes tipos de violencias (sexual, económica, persoal etc.).

Temas: educación sexual, amor, valores, superación, autoestima, ecoloxía, supervivencia, solidariedade, lingua.

Sinopse: Ana cóntanos a súa historia de maltrato que non coincide coa que a sociedade difunde. Este aspecto será fundamental á hora de decidir cal será o seu futuro.

1. Que sabes da autora?

Eli Ríos naceu en Londres en 1976. Ao pouco tempo regresou ás terras de Ordes nas que pasou a súa infancia. Despois dun periplo por diversos territorios da lusofonía (Porto, Lisboa, Azores, Cabo Verde), instalouse ao pé do Castro de Elviña na Coruña. Actualmente, desenvolve a súa actividade desde Cambre.

Colabora en diversas obras colectivas, realiza obradoiros de escrita, contacontos infantís e forma parte da revista dixital de crítica literaria *A Segá*.



Fotografía: Eduardo Castro Bal

2. Coñeces outras obras de Eli Ríos?

Poesía

- *Nós escoitando o badalo de Marienplatz*, 2010, Edicións Espiral Maior.
- *Maria*, 2013, O Figurante Edicións.
- *Anamnese*, 2014, Sotelo Blanco Edicións.
- *Diario de fotogramas*, 2014, Concello de Ribeira.
- *Doe tanto a túa ausencia (traxedia dun solitario acto)*, 2015, Concello de Outes.
- *Café intenso*, 2017, Concello de Padrón.
- *Culpable*, 2017, Edicións Xerais.
- *Ningunha tortilla é mala*, 2019, Deputación da Coruña.

Novela

- *Luns*, 2017, Edicións Xerais.
- *Remexido de patacas*, 2019, Baía Edicións.
- *O ceo das reixas*, 2019, Edicións Xerais.

Literatura infanto-xuvenil

- *Bicha*, 2015, Deputación de Ourense.
- *Marta e a píntega*, 2016, Editorial Galaxia.
- *DX*, 2018, Urco Editora.

Ensaio

- *Mulleres bravas da nosa historia: María Victoria Moreno*, 2016, Urco Editora.

Obra colectiva

- *Rúa da Cancela*, 2010, A. C. Caldeirón (Malpica de Bergantiños).
- *150 Cantares para Rosalía de Castro*, 2015 (Libro dixital coordinado por Suso Díaz).

- *De circes e morganas. Homenaxe das escritoras a Begoña Caamaño*, 2015, A Segá.
- *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohan Xesus González*, 2016, Edicións Fervenza.
- *Manuel María, libro colectivo de homenaxe no seu día das Letras Galegas 17 de maio de 2016*, 2017, Deputación de Lugo.
- *El vigilante de las estrellas y otros cuentos*, 2018, Cazador de Ratas Editorial.


Premios

- XII Premio de Poesía Concello de Carral en 2009, por *Nós escoitando o badalo de Marienplatz*.
- IV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas en 2009, por *Rúa da Cancela*.
- I Premio de Poesía Figurante en 2013, por *Maria*.
- II Premio Lueiro Rey de poesía en 2014, por *Anamnese*.
- XVIII Certame Francisco Añón de Poesía en 2014, por *Doe tanto a túa ausencia*.
- Segundo premio do I Concurso de Poesía Centro Recreativo de Artes en 2014, por *Diario de fotogramas*.
- XL Premio Modesto R. Figueiredo en 2014, por *Remexido de patacas*.
- XII Premio Pura e Dora Vázquez de Narración de 2014, por *Bicha*.
- I Premio de Poesía Rosalía de Castro en 2015, por *Café intenso*.
- XXVIII Premio Torrente Ballester 2016, por *Luns*.
- IV premio de poesía Gonzalo López Abente en 2017, por *Culpable*.
- XIX Premio Miguel González Garcés 2018, por *Ningunha tortilla é mala*.

3. Información da autora na rede

- Paxina da autora na AELG: <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/eli-rios>
- Entrevista programa Zigzag da TVG: <http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/zigzag-4012222>

4. Remexido de patacas. O libro



As portadas dos libros ofrecen unha gran cantidade de información antes de mergullarnos na lectura. A autora do deseño é Nana. Coñeces algunha outra obra dela?

5. A lectura

Despois de moitos anos de maltrato e de situacións dolorosas, Ana enfróntase ao seu agresor. Este momento de ruptura faralle comprender todas as violencias que rodean as súas veciñas e amigas. Nun proceso de sororidade, todas xuntas irán encontrando, pouco a pouco, a solución para estas situacións. Incluso, no final da vida, cando alguén quere quitarlle o dereito a decidir, a doutora escollerá o respecto polas decisións de Ana e a súa liberdade individual.

6. Temas e valores

Sistemas económicos abusivos

As personaxes da novela sofren as terribles consecuencias da desigualdade laboral, a precariedade dos espazos domésticos e laborais e a invisibilización dos seus traballos considerados marxinais na sociedade.

Globalización

Calquera tipo de manifestación, hoxe en día, non se reduce a un ámbito territorial específico. Un claro exemplo é o feminismo. Os valores de igualdade, sororidade, dereitos e liberdades chegan a todos os recunchos, incluído o barrio no que se ambienta a novela.

Lingua

A lingua como parte da identidade e como forma de estar no mundo. Ana desexa permanecer nos lugares nos que a súa contorna recolla a expresión propia coa que se relaciona co mundo porque é a forma na que o construíu e na que se sente parte da comunidade.

Sexualidade

A ausencia da sexualidade desde o coidado e o respecto xera unha serie de violencias como a transmisión de enfermidades sexuais, as agresións etc. As protagonistas contan as súas experiencias e as consecuencias negativas que teñen para elas.

Supervivencia, solidariedade e autoestima

Sobrevivir en contextos de violencia, a sororidade como solución para a soidade das persoas maiores, a credibilidade para as vítimas das agresións sexuais, a recuperación da autoestima despois dun trauma etc. planan nas páxinas desta novela para que repensemos que tipo de sociedade queremos construír e con que valores.

7. Actividades

7.1. O libro

- **Ilustración de Nana.** Cantas ilustradoras coñeces que fagan portadas de libros? Por que cres que hai menos mulleres nesta profesión? Investiguemos nas redes! Nana ten esta páxina web: <http://www.nanaart.es>, desde a que podes ver os seus traballos. Indaga sobre cal das súas obras podes observar preto da túa casa.
- **Que significa ese recadro negro** que aparece na parte esquerda superior da portada? Baía Narrativa responde a algún tipo de colección?
- **Na parte superior** está situado o título e o nome da autora, dannos algunha pista sobre o contido ou a lingua na que está escrito?
- **Na parte inferior** da capa menciónase o Premio Modesto Figueiredo. Que sabes del?
- Que información nos ofrecen **as lapelas**?
- **A contracapa** contén un texto informativo relacionado co libro. Cres que podes saber de que vai a novela co que che di aí? ou créache intriga para animarte a ler? Cal pensas que é o motivo para poñer unha receita?


7.2. A lectura

- A novela está ambientada nun barrio que podería ser o de calquera cidade galega e as persoas que o habitan poderíamos ser calquera de nós. Aparece, tamén, a señora María:

[...] *E Pili é consciente polo seu traballo: un sorriso marca a diferenza de moita xente que recibe as cartas. Se, poñamos por caso, a señora María que está xubilada cunha pensión que non dá nin para pipas, recolle a factura da luz (esa que a obrigará a pedirlle emprestado á filla) dunha man amiga, entre ánimos e risos... pois... a dor sempre será menor que a inmensa tristura dunha caixa de correos metálica [...].* (páx. 58)

Ante as tremendas desigualdades da crise económica e social, a empatía e a sororidade permítennos tecer redes de apoio. Establecede un debate sobre a soidade das persoas maiores no ámbito urbano, a precariedade económica, a pobreza enerxética etc. e procura de o que cadaquén, na medida das vosas posibilidades, pode facer para cambiar iso como fai Pili, a carteira, desde o seu día a día cun sorriso.

- **Os datos sobre a violencia de xénero** son realmente terribles. Observade a adaptación para o galego do iceberg de Amnistía Internacional sobre a violencia de xénero:



O asasinato e a agresión física só son a parte visible da violencia de xénero. Antes de chegar a el, as violencias son múltiples. Propóñovos facer un mural no que recollamos esas violencias, tanto da novela como da vida real, e que podemos facer para erradicalas. Animádesvos? Aquí vai a primeira proposta:

—O teu Paco nunca che bateu...— solto entre as madalenas—. como é que...?

—A felicidade só existe na nosa representación mental— sentencia Pili—. Nunca foi preciso que me puxese unha man enriba. (páx. 45)

- Decía Gandhi que a grandeza dunha nación e o seu progreso moral poden ser xulgados pola maneira que trata os seus animais. No capítulo XVI, fálase sobre a canceira municipal. Como vos sentiríades se traballásedes nunha protectora? Credes que é xusto o comercio de animais, mentres outros viven situacións de abandono? Argumentade a vosa resposta relacionándoo co que acontece noutros países do mundo. Facede unha listaxe na que se recollan as diferentes formas de protección animal como, por exemplo, sabías que os Países Baixos é o primeiro país no que non existen cans abandonados?

- “— [...] *Acompáñame a saúde e o sentido na cabeza. Levo unha eternidade percorrendo os camiños familiares, os sons coñecidos... Como podería aprender todo de novo? Murcharía de pena entre os asfaltos... e, cando iso pasase, meteríanme nun cadaleito aséptico perfumado con cloroformo... nun sitio no que nin sequera as finadas falan a miña lingua... Non quero que a morte me apañe nunha cama de hospital entre fíos e arames enchufados na miña pel... non quero un tanatorio que non sexa unha fraga... Non desexo que os barullos dos últimos instantes sexan metros e bucinazos... senón o repique dos petos e o asubío das marzas [...]*”. (páx. 78)

Na charla TEDWomen 2017 “Como moldea a lingua a nosa forma de pensar” (https://www.ted.com/talks/lera_boroditsky_how_language_shapes_the_way_we_think?language=gl), Lera Boroditsky usa unha serie de exemplos para que reflexionemos sobre como interpretamos o mundo desde a nosa lingua e a importancia da diversidade lingüística. Animádevos a buscar expresións galegas que nos identifiquen como comunidade? Propóñovos a primeira: «Chegar e encher!».

- Nesta novela, Azrael é a sombra dun gato. Nas diferentes relixións, Azrael é un arcanxo psicopompo, é dicir, a súa función é separar a alma dos corpos para acompañalas a un lugar seguro. Por iso, o noso gato de novela ten separado o físico da súa sombra e guía, e acompaña, as protagonistas no seu camiño.

A figura de Azrael foi utilizada ao longo da historia na pintura, na escultura, na literatura etc. Podes encontrala no gato que aparece nos Píufos ou acompañando a Batman nos cómics de DC. Que vos parece se creades o voso propio Azrael nunha pequena historia de banda deseñada?

- O final de *Remexido de patacas* é aberto: ti podes escoller se a doutora asina o papel para enviar a Ana coa súa filla ou se decide continuar coa transmisión da aprendizaxe que nos mostran as reflexións da novela. Cal escolles? Coas conclusións do exercicio anterior escribe unha pequena continuación da novela:

Camiñamos, sen présa, cara á casa e...

Por certo, a primeira persoa narradora vainos levando a través dos seus pensamentos e dos feitos que observa ao longo do texto, pero fixéstesvos que só pode contar o que sente ela? Cando a situación se desenvolve lonxe, a primeira persoa narradora non pode observar o acontecido e ten que narralo só co que alcanza a ver. Mirade este exemplo, de cando Ana non está ao lado do contedor do lixo e só pode intuír o que sucedeu:

[...] O alivio enche de aire os pulmóns e, decontado, preciso saír á xanela na procura dun osíxeno máis puro. Xusto no intre en que prendo a cabeza na corrente do vento, un boooooooooommmmm! enorme e inesperado abanea os meus pés. Non estou segura pero... case podería xurar que pasou diante dos meus ollos a tapa do bote da marmelada proxectada cara ao ceo! Contando que vivo nun quinto son consciente que parece un disparate [...]. (páx. 64)

- En Remexido de patacas non hai heroicidades, só persoas normais e correntes. Cadaquén coa súa historia de superación persoal ou coas súas debilidades. Ao longo da novela, deberán aprender a chegar a pactos e superar as súas diferenzas para sobrevivir:

[...] *Fecho os ollos nun profundo suspiro e regreso ao salón onde a carteira e mais eu rifamos nun ton de voz bastante elevado como para que a veciña o escoite e sexa quen de levar o rumor ao resto do edificio [...].* (páx.57)

Que vos parece realizar un vídeo colaborativo no que teñades que chegar a acordos? Que faríades vós no caso de ser Ana, Pili ou Azrael?